

FARO DA CULTURA

nº 177 • Xoves, 21 de setembro de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena

En Venecia vense mostrando unha exposición de Lucio Fontana (1899–1968) integrada por pezas do seu período vangardista; período ao que pertence a súa produción máis recoñecida. A mostra *Venezia/New York* recolle, entón, obras de dúas series realizadas a principios dos anos 60, procedentes da colección “Peggy Guggenheim.” Pero non por isto o título da exposición vincula ambas as cidades, senón porque en cada serie o artista alude a elas: a primeira serie son lenzos que toman como referencia o esplendor bizantino e máis a exuberancia do barroco en Venecia; a segunda, un conxunto de pezas en metal nas que prima a verticalidade, evocando o impacto visual dos rafiaceos de Nova York.


Unha forma de construír destruindo

MAR CALDAS

Se ben xa é, se cadra, un pouco tarde para acudirnos ata esa exposición, –clausúrase o 24 de setembro– non o é, non obstante, para divulgar os principais presupostos do traballo deste “pintor-escultor”. De todos os xeitos, os practicantes do “turismo cultural” aínda poderán ver a mostra no Guggenheim de Nova York, de outubro a febreiro. E a saber se non acabará por recalar máis perto, na súa sucursal do museo en Bilbao.

Pero volvamos ao asunto estético, sobre todo porque a posición que Fontana adopta é a de dar continuidade ao formalismo; isto é, restrinxir a arte ao mundo das formas, negarlle calquera función que non sexa a estética. Cuestión que el mesmo explicitou ao afirmar que a arte é un “feito privado”, que nunca foi nin pode ser un “feito popular”, que “a arte esgotou a súa función social”. A obra de Fontana é netamente produto e parte dunha polémica interna á arte; rebate e, á vez, continúa a súa tradición; discute e respecta a historia da pintura e da escultura; noutras palabras, a comprensión da súa obra pasa por aplicarlle categorías especificamente artísticas, revelándose inadecuadas as categorías extrínsecas, aquelas que se aplican na vida ordinaria.

Precisamente por isto último, o que el definiu como o seu gran descubrimento –o “buraco”– no seu día foi interpretado como algo absurdo ou iconoclasta. Fontana contou unha anécdota que vale a pena recordar: “Hai tempo, un cirurxián que veu ao meu estudio díxome que “eses buracos” os podía facer el perfectamente. Contes-



teille que eu tamén sei cortar unha perna, pero despois o paciente morre”.

Así, dicir que o “buraco” é a novidade que aporta este fundador do movemento espacialista non é un asunto trivial. Sen deixar de ser un xesto simple, con el contribuíu á redefinición da pintura así como ao cuestionamento dos límites entre pintura e escultura.

As súas primeiras perforacións remóntanse ao ano 1949 e son practicas con punzón sobre a tea fortemente tensada. As teas, habitualmente, están pintadas en monocromo e deixando a superficie sen rugosidade ningunha. Ao uso recorrente do “buraco”, Fontana foi incorporando o da “racha”, practica con coitelo.

Ben, pero cal é a novidade do “buraco”? Os cortes no lenzo introducen unha terceira dimensión, de tal sorte que abolen a concepción da pintura con base na bidimensionalidade. Se coas fendas Fontana investiga as posibilidades espaciais da pintura mediante a discontinuidade física do lenzo, tamén está dando un paso cara á desmaterialización da arte: a obra confórmasse mediante unha lóxica de substracción; eses ocios, eses baleiros, son signos que fixan a liña do debuxo na superficie do cadro como se fosen pincladas, pincladas sen pintura.

Os buracos de Lucio Fontana

Pero o buraco implica moito máis: rompe co espazo unitario, pechado, autosuficiente do cadro para conectalo con esoutro real e circundante. É, polo tanto, unha das formas de abolir o marco pictórico, cuxa función é a de delimitar o cadro e illalo do mundo exterior, provocando no espectador unha mirada centripeta. Coas fendaduras, o espazo exterior irrompe no contexto do cadro e a mirada actúa de forma centrífuga, coándose polos buracos. De forma similar procedeu Fontana na escultura, conforme á declaración de intencións expresada nun dos seus manifestos: “queremos que o cadro saia do seu marco e a escultura da súa campá de vidro”. E máis tarde levaría as súas premisas ao espazo arquitectónico, realizando teitos e chans con buracos e, así, pintando coa luz.

* “VIDA MIÑA”: ENTREVISTA CO CANTAUTOR EMILIO RÚA / Páx. III

* MOSTRA: XURXO ALONSO E A COLECCIÓN ALDEMUDE / Páx. VI

* TEATRO: UN DIÁLOGO ENTRE GRAMSCI E PIRANDELLO / Páx. VIII

A xente sempre sentiu curiosidade pola orixe e o significado dos topónimos. Moitos son palabras emparentadas co léxico común e resultan máis ou menos transparentes; calquera que saiba o que é un carballo, unha laxe ou un souto pode intuír a razón que levou a denominar Carballal, Laxedo ou Soutiño un lugar. Outros, aínda que na súa remota orixe tamén foron palabras transparentes, co tempo volvéronse opacos e espertaron a curiosidade e a fantasía populares e eruditas.

A etimoloxía, que atende á orixe e á historia das formas e significados das palabras, dá conta de moitos topónimos opacos. Pero a etimoloxía como disciplina científica é relativamente recente. Antigamente a etimoloxía non era unha ciencia senón unha arte ou un xogo de enxeño, que tiña por obxecto buscar en cada palabra as razóns que revelasen a íntima esencia do seu significado. Era habitual o procedemento que dividía en partes a palabra e interpretaba cada parte como unha especie de abreviatura, coma na célebre etimoloxía de *cadáver*, que se explicaba coma un composto de tres elementos latinos: *ca-* de “caro”, *-da-* de “data” e *-ver* de “vermibus”; dese xeito, *cadáver* viría significando “carne dada aos vermes”. Así procedía Isidoro de Sevilla nas súas etimoloxías.

Ese modelo foi moi usado tamén pola fantasía popular. O nome de Lalín atribuíase á antiga abundancia de la e de liño no lugar: “*La-* de “lana” e *-lin* de liño”, dicíansenos mesmo na escola. Moitos topónimos galegos posúen lendas etimolóxicas locais semellantes, pero a tradición etnográfica e outros estudos que se ocuparon do patrimonio inmaterial non sempre lles prestou suficiente atención, e ninguén volveu ocuparse desa dimensión da tradición oral desde que hai tres décadas Xosé María Álvarez Blázquez publicara o librinho titulado *Os nomes da terra* baixo o pseudónimo de Celso de Baión.

Os exemplos habituais seguen o esquema mencionado. O nome de Nigrán, supostamente, débese a que un ano houbo moito estrago nas colleitas e non quedou “ni gran”. E Gondomar, a que na antigüidade estaba “no ghondo do mar”. E Coristanco, porque o lugar tiña “correo e estanco”. E A Fonsagrada derivaría dunha muller chamada Afonsa que agradaba...



Mario Alinei e a nosa prehistoria lingüística

Na última década, mercé ás achegas de ciencias como a arqueoloxía ou a xenética, as ideas comumente

admitidas sobre a nosa prehistoria lingüística, e a de toda Europa, están sendo sometidas a profunda revisión. A teoría tradicional explicaba os parentescos entre moitas linguas de Europa e Asia por unha xigantesca invasión duns pobos (os indoeuropeos) durante as idades dos metais. Os pobos indoeuropeos que veu dar ao occidente atlántico sería o dos celtas, igual que a outras áreas foron dar os xermánicos, os itálicos, os eslavos, etc. Os celtas terían chegado aquí entre o segundo e o primeiro milenio antes de Cristo. As

linguas deses pobos indoeuropeos impuxéronse en case todas as partes e fixeron desaparecer as dos primitivos poboadores, non sendo en contadas excepcións, entre elas o éuscaro.

Moitas destas ideas xa non teñen hoxe a vixencia que tiñan. O máis ilustre impugnador é o italiano Mario Alinei, catedrático en Utrech, director do *Atlas Linguarum Europae* e promotor da chamada *Teoría della Continuità Paleolitica*. Esta afirma a continuidade das poboacións nos seus territorios, de acordo cos indicios que proporciona a xenética, e bota por terra moitas vellas certezas. Non nega os logros da lingüística comparada, pero fai remontar en milenios as súas cronoloxías. Admite, por exemplo, unha expansión da cultura celta na idade dos metais, pero sostén que se produciu de occidente a oriente e non ao contrario. Mesmo pon en cuestión a “pre indoeuropeidade” do vasco.

Os interesados poden atopar escritos de Alinei e outros estudiosos en www.continuitas.com. O 20 de outubro pronunciará en Pontevedra unha conferencia durante II Congreso Internacional de Onomástica Galega.

Nigrán, ni gran

Toponimia e etimoloxías populares

GONZALO NAVAZA

Algunhas desas etimoloxías non son propiamente populares, senón de orixe erudita. Explicar Viascón a partir de *via ascondita* (“camiño escondido”) esixe un coñecemento do latín que fai pensar nunha invención eclesiástica. Algunhas explicacións eruditas tiveron moito éxito, como a de que o nome de Compostela ten que ver cun “campus stellae.”

Modelos semellantes tamén se aplicaron aos apelidos, dando lugar aos chamados “brasóns falantes”, que expoñen os apelidos en forma de ideogramas ou xeroglifos. Así, Bolaño ten un escudo familiar que contén unha peza de pan e mais un cordeiro, porque se interpretaba a palabra como composta de *bolo* e *año*, e reforzábese esa interpretación

cunha narración lendaria segundo a cal o primeiro portador do apelido, durante un asedio á cidade de Lugo, botou pola muralla un bolo e mais un año para facer crer aos sitiadores que os sitiados aínda tiñan provisiones. Non faltan exemplos coma este en que a etimoloxía popular dun topónimo se apoia nunha narración que recrea o momento fundacional. En Maside cóntase que os soldados romanos, cansos de camiñar, quixeron deterse en certo lugar, pero o xeneral mandou continuar dicindo “Máis ide.”

Algunhas narracións afectan a máis dun topónimo. No Val de Monterrei explican os nomes de dúas poboacións próximas chamadas Vences e Nocedo mediante unha escena en que alguén pronuncia a frase: “Tu vences pero yo no cedo”. Resulta curioso o uso do castelán nalgúnhas destas etimoloxías, cando en realidade a orixe dos topónimos galegos é moi anterior á presenza dese idioma en Galicia. Seguramente a máis coñecida destas narracións de etimoloxía toponímica é a que afecta ao topónimo Castro Caldelas, e que xa foi recollida no mencionado libro de Álvarez Blázquez. Un individuo chamado Castro vai pedir a man da filla do conde de Lemos, pero como este tiña máis dunha filla, preguntalle: “Castro, ¿cal delas?”

ENTREVISTA

*V*ida Miña é o seu segundo cedé, e aparece despois de seis anos de silencio discográfico. Por que esa demora?

-Simplemente por problemas de contratos discográficos. Atante durante un longo tempo e, ao non haber acordo nin entendemento por ambas as partes, pois hai que agardar a que se acabe o contrato e esperar ata sacar novo disco. E dende que rematou, no 2004 máis ou menos, entre que se tiraba o disco e buscaba con quen facelo... pasou todo ese tempo. Así que foron seis anos de silencio, pero só dous anos dende que se rescindiu o contrato coa anterior discográfica.

-Pero nexa xeira non parou. Consegui dous galardóns, na V Muestra Nacional de Canción de Autor de Ceutí (Murcia) e o certame de Jóvenes Cantautores de Elche (Alicante), fixo unha morea de concertos e, imaxino, que moitas cancións. Foi difícil a selección de temas de Vida Miña?

-A verdade é que non foi moi difícil. Dos temas que tiña, que eran moitísimos, realicei unha selección e despois, sobre eses traballos, fixemos a escolma final destes doce temas. Esta escolma si que foi menos doada: pensar no que tiña que meter, e que non, no disco, para o que tamén fixen algunha cousa nova mentres que o resto son deses seis anos de traballo.

-No disco meteu unha zanfoña, un cuarteto de corda e tamén inclúe dúas cancións tradicionais. Pódese dicir que a súa música é tradición e modernidade a un tempo?


-Eu coído que si, que a miña música é como unha mestura do que é o tradicional e tamén a modernidade. Sobre todo, porque nos tempos nos que vivimos, a tecnoloxía axúdanos a facer moitas cousas interesantes. Pero, dende logo, o resultado final é unha visión moi persoal. Eu identifícome coas miñas raíces, que son a miña aldea, onde vivo normalmente, pero tamén coas cidades, que é onde adoito ir para respirar tamén un pouco de ... non sei, como de agobio, cando tamén é necesario.

-As súas cancións abordan unha temática onde aparecen o amor e o desamor, a soledade... Vaílle o intimismo?

-Queda ben dicir que as miñas letras son intimistas. Pero eu penso que hai un pouco de todo, aínda que sempre trato de ver as cousas dende unha perspectiva positiva. O lado íntimo, no meu caso, sempre aporta boas cousas: o amor... desamor moi pouco, porque ata o de agora non tiven a necesidade de cantar unha canción de desamor, pero si que os temas respiran amor, porque é realmente o que tamén respiro eu todos os días. Por iso hai moitas cancións de amor cara a moitas cousas: cara á miña terra, a miña aldea, a miña familia, a miña xente...

-Que diferenzas vai atopar o público que escoite Vida Miña con respecto ao seu primeiro disco?

-Coído que unha persoa que escoitou o primeiro disco e escoita agora este, decatárase de que houbo unha evolución bastante grande, aínda que preservando sempre un pouco... non sei... a miña personalidade. Creo que Vida Miña é un traballo máis logrado en canto á produción e medios, e musicalmente eu véxoo moito máis enriquecido, con moitos máis matices, con tendencias cara ao jazz, cara ao pop, o blues, ... Tentei ir por ese camiño e coído



INAQUI OSORIO

Emilio Rúa

“Vida Miña é un traballo con moitos máis matices que o meu primeiro disco”

Tras seis anos de silencio discográfico, Emilio Rúa volve sorprender con Vida Miña (Boa Records), unha entrega na que contou coa participación dun elenco de músicos de primeira liña, encabezados por Uxía Senlle, e onde segue a profundizar nesa música de autor tan pouco desenvolvida entre nós

NATALIA ÁLVAREZ

que a evolución si que se nota dunha forma moi clara.

-Contou coa participación de dúas persoas con nomes feitos na música galega co-

mo é o caso de Uxía Senlle e de Xosé Manuel Budiño, non é?

-Así é. Uxía foi a encargada de porme en contacto coa xente de Boa e con Segun-

do Grandío, de Casa de Tolos. Foi a que se ocupou de facer toda a produción artística deste traballo. Así que ela é tan artífice coma min de todo isto: eu puxen as cancións, a voz e a idea e ela todo o demais. E foi tamén quen me trouxo a Budiño, que se converteu nunha peza clave para facer algo na canción da Rianxeira.

-Imaxino que estará canso de escoitar como o comparan con Andrés Dobarro...

-[Risos] Pois, ultimamente, a verdade é que só fago escoitar que se Andrés Dobarro por aquí e por alí! Pero, vaia, é un afago tamén, sabes? Aínda que, loxicamente, eu non son Andrés Dobarro nin quero selo, porque vivo noutro tempo... Ao mellor, o que si se lle parece á crítica, ou ao público, é o tipo de cancións. Porque nestes días, mentres que case todo o mundo fai folk ou música celta, eu intento facer música pop, digamos; música actual con cancións sinxelas. Iso pode ser o que nos une, pero creo que máis nada, a verdade.

-Pode que sexa porque cantautores coma vostede, ou como foi el, tampouco saen tantos en Galicia. A que cre que se debe esta ausencia?

-Algún sei que hai, pero ... sendo sincero, levo escoitado moitas cousas e, personalmente, non me sinto identificado con outra xente. E como músico tampouco... home, hai cousas que están moi ben, pero realmente... non sei, ao mellor é polo momento este, no que se apoia moito un tipo de música determinado, e como todo é unha moda, pois a xente quere unirse ás modas. O meu caso é todo o contrario: nunca seguí ningún tipo de modas, e fago o que eu quero facer, o que sei facer.

-Cal é a acollida que está a ter diante do público?

-A verdade é que, ata agora, e dende que comecei, pois todas as críticas foron boas, e, sobre todo, tocando fóra. Ademais, os premios tamén están aí, e amosan un pouco o que é a opinión do público, en xeral. Porque cando recibes premios que non son premeditados, é aínda máis louvable. Realmente, a acollida foi sempre moi positiva. E o feito de chegar ata aquí, de facer este traballo con xente tan profesional, creo que tamén demostra que hai público para isto.

-Que música escoita no día a día?

-Gústame a música de autor, e escoito moito a Antonio Vega, por exemplo. Pero a música que escoito e que me gusta é moi variada: Bruce Springsteen, Bob Dylan, Quique González, que é un español que está emerxendo agora mesmo e creo que vai dar que falar... e logo música de todo tipo, dende fados ata pasodobres, que tamén me van moito.

-Xa está a traballar nun terceiro disco?

-Pois levo compostas moitas cancións, moitas... basicamente, creo que teño material dabondo para facer moitas cousas. Aínda que, entre disco e disco, gustárame facer algo concreto, algún traballo máis conceptual. Pero é un proxecto á larga, como quen di. O que si é certo é que teño moitos temas para facer un terceiro traballo, un cuarto ... mesmo hai algo para un quinto.


Galiza manifesta

Cando a literatura obxecto de estudo estivo, e está, minorizada, analizar determinadas cuestións leva a decatármolos de xeito nidio da situación de inferioridade con respecto ao universo cultural e literario que a rodea. Se ben, ao referírmolos a unha realidade xeral como é o de "Literatura galega", todo o mundo entende a que nos referimos, a fixación en cuestións teóricas particulares comezan a dar idea da cantidade de lagoas que sofre esa "consistencia" aparente.

En *Manifesta Galiza* atopamos un deses exemplos. Xesús González Gómez ten que facer de funambulista teórico para presentar e xustificar un libro dedicado aos manifestos literarios en Galicia. Se ben na introdución fai unha exposición xeral do que sería un manifesto literario, a análise da evolución e historia dos manifestos literarios en Galicia vén dar cunha chea de matizacións im-

Das propostas estéticas e nós

✿ HÉITOR MERA



portantes, por parte do autor, ante a ausencia de textos ao longo dos anos. É máis, o

grosso dos manifestos concéntrase nun período moi achegado a nós que sería o terceiro terzo do século XX. Hai que engadir que para facer unha recompilación de tales textos ten que concibir a definición do manifesto dende unha amplitude que acolle documentos que non se terían por manifesto de tratarse dunha outra literatura sen as eivas que sufriu a nosa ao longo dos anos. Dende a presentación de reflexións aparecidas en revistas, prólogos... ata a asunción do prólogo de *Cantares Gallegos* como primeiro manifesto literario, ábrese un amplo aban-

no de posibilidades para ter un número medianamente importante para poder conformar este libro que, ao noso entender, non sería un volume adicado soamente a manifestos literarios da nosa literatura, senón que, máis ben, se trataría dunha recompilación de textos cunha serie de características que se poderían achegar, por unha razón ou por outra, ao que coñecemos dun xeito máis rigoroso como manifesto.

Dende esta perspectiva, o libro conforma un percorrido fundamental polos diferentes presupostos teóricos e propostas estéticas que se foron dando e que marcarían toda unha literatura como a nosa. Sería mágoa que este volume pasase desapercibido, pois fóra das amplitudes e ambigüidades teóricas precisas para facelo posible, *Manifesta Galiza* é unha lectura curiosa e axeitada para unha reflexión literaria dunha parte importante das nosas letras.

GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús, *Manifesta Galiza. Manifestos na literatura galega do século XX*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2006, 226 páxinas

Roteiros

Estrea dun anuario filosófico

✿ RAMÓN NICOLÁS

A editora tresCtres, no seu xa dilatado e celmo-so catálogo, acolle e promove unha publicación da que cómpre dar conta e desexar a mellor das sortes posibles, entre outras razóns porque é, na actualidade e que nós saibamos, a única revista que se vai dedicar, case con exclusividade, a analizar asuntos de pensamento filosófico en Galicia; tema, non o esquezamos, tratado con solvencia e abondosamente en moitas páxinas da xa histórica *A trabe de ouro*. Falamos da entrega inicial de *Roteiros*. *Arumes de pensamento crítico*, anuario de carácter cultural dirixido por X. L. Barreiro Barreiro e subdirixido por Manuel Rivas García, que quere ser un proxecto dominado por unha perspectiva, tal e como se sinala no limiar deste volume, multidisciplinar e plural, proponéndose o diálogo e mais o debate "comparando e mesmo confrontando posicións diferentes ou opostas".

Concibido, este presente número, e dun modo extraordinario, como homenaxe ao pensador e profesor de filosofía Ramón Regueira, pois alén da primeira colaboración na que Ramón López se detén longamente nunha análise biográfica e valorativa do seu percurso profesional, ofrécese tamén unha ampla entrevista súa guiada por Carme Vidal, as máis das colaboracións que achamos están, dun ou doutro xeito, vinculadas co feito



do pensamento ou da filosofía. Velaí como se engade un lúcido ensaio arredor da obra e da figura do pensador italiano xa falecido Norberto Bobbio a cargo de Moisés Lozano; Domínguez Prieto achéganos a unha visión contemporánea do que se denomina "personalismo comunitario" e Ignacio Castro Rei fala da chamada "subversión" do suxeito en Jacques Lacan. Na mesma liña súmanse senllos estudos aquí incluídos como son o do director da revista verbo do que sinala "soño nacionalista / internacionalista" de Ramón Vilar Ponte e mais unha análise a cargo de Carretero Pasín que intitula "Jean Baudrillard e Michel Maffesoli: repensando os espazos intransitables para a modernidade".

Por último, ademais dun artigo de Anxo González que repasa a devoción cervantina de Álvaro Cunqueiro, concretamente a presenza do modelo quixotesco na súa poética, acrécentase un espazo dedicado ás recensións de libros vinculados co pensamento, co que se pon o punto e final a esta primeira entrega dun anuario que debería ter continuidade para ofrecer unha plataforma de pensamento e análise.

VV.AA., *Roteiros*, Ed. tresCtres, Sta. Comba, 2006, 207 páxinas

Historia e aventuras

Xerardo Neira (Santiago 1978), é licenciado en bioloxía e colaborador habitual de "Descubrir", suplemento de ciencia e historia do xornal compostelán *Galicia Hoxe*. Recibiu no ano 2002 o Premio Manuel Reimón Portela por unha serie de artigos en defensa da lectura. Proximamente editarase *O Val do Ulla. Unha comarca natural*, guía da que é coautor.

Así mesmo, é autor de *O rei dos lobos*, obra que resultou gañadora do V Certame Literario de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos, convocado polo Concello de Noia e organizado pola revista *Casa da Gramática*. Segundo a acta que aparece recollida no libro, o xurado estaba constituído polos seguintes membros: D. Antonio Pérez Insua, Dña María do Ce-

Nos eidos do reino dos lobos

✿ DORINDA CASTRO SOLIÑO



breiro Rábade Villar, D. Anxo Angueira Vitorro, D. Ramón Caride Ogando e D. Xavier Castro Rodríguez (se ben que, infelizmente, por erro na edi-

ción, non se reproducen as palabras do xurado respecto da obra). Agora, a novela acaba de ser publicada pola Editorial Tosoxoutos con ilustracións de Rosa Fernández Caamaño.

Trátase dun pequeno volume que, en senta e oito páxinas e quince capítulos, narra o asedio ao que son submetidos os habitantes de Lucus Augusti, o Lugo actual, a finais do século V por un escuro ente chamado O Nigromante que esixe un tributo monetario e que, de non ser satisfeito, ordenará as súas mandas de lobos amaestrados, atacar a cidade. Inaugúrase así O reino do Lobo na cidade das murallas.

Suevos, godos, romanos, cristiáns... mestúranse nunha novela de aventuras, maxia negra, personaxes reais e imaxinarios, que nos

explica o medo ancestral que desde entón teñen os lucenses ao lobo: "é algo que levan no sangue, que pasa de pais a fillos, de xeración en xeración. Porque no principio dos tempos, na terra de Lugo radicaba a capital do rei dos lobos, monarca de todas as ferozes bestas da mesma especie en todo o mundo coñecido". (Precisamente o seu Patrón, S. Frolilán, chegou a Lugo de terras leonesas na compañía dun lobo por el domesticado).

Sangue, neve, medos, conspiracións, batallas, ataques sanguentos e un desenlace máxico conforman esta pequena novela que nos é transmitida por encargo do Santo Rei Carriarico, "digno sucesor do Rei Sigmud e a raíña Lupa".

Velaquí un libro para os amantes das aventuras e tamén aínda para todos aqueles que queiran indagar nas "verdades" e "mentiras" das nosas orixes.

NEIRA, Xerardo, *O rei dos lobos*, Ed. Tosoxoutos, Noia, 2006, 68 páxinas

LIBROS

De Vredaman

Vredaman é o título da terceira novela publicada polo escritor getxoztarra Unai Elorriaga, autor de *Un tranvía cara a SP*, título ben coñecido entre nós porque acadou o Premio Nacional de Literatura 2002, e porque Galaxia editou en galego a tradución desta obra, tal como agora fai na Colección Literaria co libro que estamos a reseñar, e como fixo xa con *Vant 't Hoff*.

O gran protagonista de *Vredaman* é Tomé, un neno que participa moi directamente nunha das historias da narración e que serve de elemento de referencia nas outras tres, xa que a súa voz actúa como narrador.

Nesta novela –como nas anteriores do creador basco– salienta



a manía, a inocencia, a ollada case surrealista do neno que fala cun estilo inconfundible. Cando Tomé principia, a novela di: “As plantas, por exemplo, non beben café con leite”. Esta frase marca o ton da narración, introducéonos nun universo de gran liberdade creativa, lúdico, cheo de sorpresas como nas obras de Cortázar ou de Mark Haddon, o escritor inglés que elixiu un autista para contar-nos a súa curiosa visión do mundo.

O mundo visto con ollos de neno

ESTRO MONTAÑA

Tomé é un neno que descobre algo inquietante: el coñece mellor algún dos grandes filósofos –Descartes, Kant Aristóteles– que o seu “aitite” (avó). Desa descuberta nace a arela de indagar na vida do seu devanceiro. Mesturando vida e literatura, cunha linguaxe tenra e infantil, vemos a Tomé falar da importancia dos cabaliños do demo azuis, da súa busca da intelixencia e do seu encontro coa sombra da morte.

O neno que pasa o verán na casa da tía Martina e outros familiares, a carón de amigos como Balón, cóntanos a celebración dun fantástico e dispartado partido de

de maneira distinta a cotía: os vellos soñan con pisar o cimo do Himalaia, cando un cura bota a correr no medio dun partido de fútbol co balón nas mans, inventa o rugby...

En *Vredaman* as anécdotas están cheas de imaxinación e conmovedora tenrura. Elementos propios do realismo máxico conviven con outros próximos ao surrealismo e á descripción carpetovetónica. O humor nace da falta de lóxica ou do inaudito de moitas situacións. O título xorde da mestura do nome dun personaxe de Faulkner –Vardaman, da novela *As I Lay Dying*, aparecida en 1930– e do nome do pintor holandés Vredemen de Brie, que ti-

AS ANÉCDOTAS ESTÁN CHEAS DE IMAXINACIÓN E CONMOVEDORA TERNURA

vo un fillo que nunca pintou un cadro orixinal; o único que fixo foi copiar os cadros do seu pai.

A tradución foi feita a dúo polo propio escritor basco e por Xesús Carballo Soliño. Da frutífera colaboración de Unai Elorriaga e de Carballo Soliño –que posúe un galego proteico, rico, axustado e de impecable sintaxe– beneficianse os lectores, xa que a lingua de orixe e a de recepción dialogan do mellor xeito posible.

Se os lectores non teñen o momento de ler a Shakespeare ou a Dostoevski, se pola contra, están nun momento no que os atrae a peculiar forma de ver o mundo que teñen os rapaces, e pensan como Tomé que “as monxas case nunca teñen calor”, este é o momento de abrir as páxinas de *Vredaman*. O sorriso, a reflexión lúdica sobre o comportamento dos seres humanos, están de certo asegurados.

ELORRIAGA, Unai, *Vredaman* (trad. do autor/X. Carballo Soliño), Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 179 páxinas

En clave existencial

A inutilidade de toda viaxe


FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Unha etiqueta filosófica, “existencialismo”, vulgarizada xornalisticamente, serviu para designar toda unha narrativa rebordante de bohemia e rebeldía moral en certos círculos de intelectuais e escritores que marcaron de xeito imborrable un tempo á vez acedo e xeneroso, desencantado e cheo de mitos e ilusións. No roncel desta literatura e da xurdida das utopías e desencantos do Maio do 68, publica Carlos Reigosa no ano 1982 a súa primeira novela, *Oxford, amén*. As oportunidades editoriais que o xornalista e escritor tiña en Madrid onde daquela residía, fixeron que a novela fora escrita e publicada en castelán. Edicións Xerais recuperáa agora na súa edición galega, e coidamos que acertadamente pois, malia o transcurso destes case tres lustros, non avellentou o conxunto da peza ficcional de Carlos Reigosa, aínda que algunhas das súas referencias culturais e piares ideolóxicos sufriron inevitablemente o paso doa anos.

O tema de fondo de *Oxford, amén* non é outro que a inutilidade de toda viaxe iniciática cando o camiñante é un militante da discontinuidade e da contradición, un escéptico e renegado de toda ilusión. O protagonista, en efecto, un mozo que acaba de licenciarse en Ciencias Políticas, maldí, coma un actor máis do Maio do 68, o seu século, un tempo que non lle permite enarborar quimeras. Nestas condicións inicia unha viaxe

UN LIBRO DURO, FRÍO, AMBIGUO... ACERCA DO CAOS E MAIS DA NOITE DO FUTURO

que o levará ata Inglaterra. Tras uns días nunha comuna londiniense, chega a Oxford na procura de significados e experiencias, onde terá que se enfrontar definitivamente coa súa soidade e coa ausencia de sentido que descobre en todo o que fai. Esta dúbida constante sobre se hai algo que teña sentido, converte o romance de C. Reigosa



nunha novela escrita en clave existencialista, nun monólogo interior, reiterado dúcias de veces e, xa que logo, bastante pesado, verbo do sentido da existencia e da realidade. Mais o relato cobra dinamismo a partir do intre no que o protagonista se matricula nunha academia de inglés. Segue sentindo unha grande dose de baleiro e amosando a súa furia, que por veces se converte en impertinencia, contra a vida absurda que levamos. Pero finalmente a soa presenza de Ela, unha moza austríaca, cambia as cousas en poucos minutos. Ela é unha dose renovada e crecida de ganas de vivir que fai que todo de unha volta completa na súa existencia e pase das penumbras do desencanto ao brillo máis radiante de todos os saberes.

Oxford, amén pode ser lida coma un retrato xeracional dunha xuventude bébeda de insatisfacción e aburrimiento. O seu selo distintivo é a ab-

soluta indiferenza do protagonista ante o mundo que vai percorrendo, sen chegar, porén, a coñecelo. Un personaxe egocéntrico e á vez antiegoísta, incapaz de tenrura pola propia vida privada. Mais como non existen personalidades absolutamente planas, tamén os sentimentos logran abrollar na obra de C. Reigosa. Deste xeito onde antes houbo unicamente unha inútil viaxe sen destino, xorde de súpeto a empatía na mente do lector que fai posible que unha viaxe que dura apenas uns días nos anos sesenta, se estire subxectivamente e chegue aos nosos días.

Oxford, amén non resultou ser a grande novela española das décadas dos setenta e oitenta nin Carlos Reigosa o Kerouac español, como no seu día agoirou unha crítica demasiado devota e apaixonada. Con todo, foi e segue sendo o que da mesma escribiu Bryce Echenique: un libro duro, frío, ambiguo acerca da viaxe, do caos e da noite do futuro que tamén chegou para todos nós.

REIGOSA, Carlos G., *Oxford, amén*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 383 páxinas

Desde unha colección de vivencias

✻ CARLOS L. BERNÁRDEZ

O pintor e poeta Xurxo Alonso (Buenos Aires, 1956) presenta até o 1 de outubro, na sala de exposicións do Centro Social Caixanova en Vigo, unha mostra da súa obra pictórica (e escultórica) baixo o título de *Colección Aldemunde*.

O título da exposición lévanos ao persoal mundo creado polo artista na súa obra poética, en especial no seu *Breviario de Aldemunde* (Espiral Maior, A Coruña, 2005, VII Premio de Poesía Concello de Carral) no que o poeta desenvolve unha crónica dun universo ficcionalmente coleccionado, “literatura anónima dun anónimo país” en atractiva definición do editor de ficción.

O espectador da mostra que agora se exhibe en Vigo vai atopar unha relación, evidente e procurada, entre poesía e pintura (xa desde os propios títulos das obras), o que de ningún xeito supón unha distorsión anuladora para o pictórico, mantendo sempre a pintura a súa autonomía e capacidade plena de comunicación.


Xurxo Alonso reutiliza diversos materiais (cartón, madeira, cortiza...), sobrepondo as camadas de pintura nunha especie de desenvolvemento narrativo do xesto, condicionando o ollar do espectador para que este se mergulle no mundo coleccionado-inventado polo artista nunha especie de mergullo espacial.

Poeta-pintor, Alonso non recorre na súa pintura a unha escrita (a súa mancha é máis cor en si que sinal figurado). Fai un discurso plástico, nalgúns casos dun automatismo controlado, nacido á medida do cadro, a razón deste. Neste sentido xustifica a intencionalidade, a persistencia da pintura e tamén o seu creto e necesidade.

Os títulos xogan un papel central nas obras (sendo a toponimia especialmente relevante), son sinais que balizan o universo literario que serve de punto de partida e a partir deles o artista explora, investiga, trae á superficie aquelas experiencias interiores que xustifican todo o proxecto e que, xa que logo, son as que acaban por conformar a realidade plástica.

As obras, a pesar da presenza de manchas e de xestualidade, posúen unha curiosa quietude. Son como xanelas debuzadas sobre outra dimensión, o que sen dúbida ten que ver con intención profundas do pintor. Cor e trazo son sempre manexados en equilibrio, cunha evidente vontade construtiva.

O esencial da pintura de Xurxo Alonso é que o mundo creado (Aldemunde), ao ser traducido a formas concretas, adquire unha realidade formal esencialmente pictórica, evitando a caída nunha literaturidade que decote empobrece a expresión plástica, demostrando un dominio e unha comprensión profunda das necesidades formais diferenciadas de cada proceso artístico (pintura e poesía). Daquela, o artista crea un universo formal fundamentalmente físico mais cun contido que non deixa de ser reflexo do mundo poético do autor.



Arriba (á esquerda): “Caixa de Portorrego”. Á dereita: “Táboa de Chan de Cans”. Abaixo: “Retablo de Santalla de Devesa”.



A súa visión do mundo corresponde sempre a unha idealización de formas e cores usadas para a súa representación, nun proceso de abstracción que se realiza na súa totalidade a partir do sensíbel. O artista asume o xesto e a cor como disciplinas fornecedoras dun vocabulario básico, simple e de utilización libre e fragmentada (non racionalizábel) para o racional, pero nun posterior momento pretende, por opción cultural ou esté-

tica, racionalizar os procesos de xurdimento e construción/estruturación dunha obra que desde a súa xénese se entende como sendo esencialmente poética.

Porque no profundo está a vontade do peculiar coleccionista que é Xurxo Alonso, que aprehende vivencias, momentos, historias, suxestións, como nun ritual de reafirmación da vida.

Colección Aldemunde

Un catálogo esclarecedor

O catálogo publicado con ocasión da mostra é un complemento ideal do universo exposto. A escolma de textos (Walter Benjamin, Álvaro Mutis, Antonio Bonet Correa) é fermosa e esclarecedora, como tamén o son os textos Xosé María Álvarez Cáccamo, Estibáliz Espinosa, Salvador García-Bodaño, Serxio González, Ramón Rozas e do propio pintor. A publicación posibilita, ademais, un novo diálogo co libro de poemas *Breviario de Aldemunde*. O texto de Benjamin, tirado d’*As Pasaxes de París* coído que é particularmente esclarecedor na medida en que a súa escolma delata unha intencionalidade por parte do pintor. Benjamin fala do coleccionista e di que para este todos os datos da obra forman “unha completa enciclopedia máxica, unha orde do mundo, cuxo esbozo é o destino do seu obxecto. Aquí polo tanto, neste estreito terreo, pódese entender como os grandes fisionomistas (e os coleccionistas son fisionomistas do mundo das cousas) mudan en intérpretes do destino”.

Entendamos que o pintor quere ser un intérprete do destino, non nun sentido grandilocuente, senón como un compilador de emocións e vivencias do eterno espectáculo da vida.

INFANTIL/XUVENIL

A velocidade do raio

O misterio, mesturado con episodios humorísticos e certa dose de componente romántica, é algo que sempre consegue captar a atención dos rapaces e rapazas que len e Agustín Fernández Paz (Lugo, 1947), un veterano xa neste público e un autor que tanto contribuíu á renovación da literatura infantil e xuvenil galega, sábeo. Por iso, nesta pequena novela titulada *O raio veloz*, moi aconsellable para os nenos que cursan estudos de terceiro ciclo da educación primaria ou tamén para os primeiros cursos da secundaria, depende do nivel lector co que contén os alumnos, insírese as devanditas características no medio dunha historia protagonizada por un rapaz de 26 anos chamado Adrián, recién licenciado en económicas quen lonxe de se querer converter nun prestixioso contable prefere dedicar a súa vida a facer feliz aos demais.

Adrián xa tivera moitos traballos, como nos conta o narrador, mais por moi aparentemente maravillosos que fosen non conseguía acadar o seu obxectivo, ate que comeza traballar coma mensaxeiro nunha empresa de mensaxería. Por ilóxico ou surrealista que pareza, dende aí poderá facer feliz a moita xente facendo, ás veces, algunha simpática

Misterio, humor e romantismo

PAULA FERNÁNDEZ



e efectiva modificación na carta ou no paquete, tales como mudar as notas dunha mestra moi estrita ou mu-

dar os alimentos que portaba unha cesta de nadal por outros máis saudables que beneficiarían máis ao receptor. Mais, mentres transcorren todas estas pequenas aventuras, o que menos agardaba o rapaz era comezar recibir notas cheas de misterio con alusións directas e referencias literarias ou musicais e mesmo xeroglíficos que o levarán atopar unha rapaza namorada del.

Deste xeito, o autor conxuga dentro do seu discurso esas compoñentes que atrapan a quen le chegando mesmo a transformar un instrumento coma un libro, onde o papel emite unha mensaxe que o lector-receptor recibe, nun auténtico xogo interactivo baseado en xeroglíficos encamiñado a resolver a pregunta de quen envía esas cartas a Adrián.

Trátase xa que logo dunha obra divertida e asombrosa nalgúns intres na que o máis salientable é o predominio dos bos sentimentos de cara ás persoas anónimas, ás que non coñecemos e coas que nos cruzamos todos os días, e, que de seguro pode facer que atopemos o gusto e a diversión sacando todo o positivo que temos dentro.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *O raio veloz* (ilustr. Andrés Meixide), Ed. Planeta&Oxford, Madrid, 2006, 98 páxinas

Conto popular

Antonio Rubio Herrero (Toledo, 1953) e Gabriel Pacheco (México DF, 1963), poeta e mestre o primeiro, Graduado en Escenografía pola Escola Nacional de Teatro do Instituto Nacional de Belas Artes e Literatura (INBA) e introducido pola súa irmá no mundo da ilustración o segundo, unen os seus esforzos nun traballo que traduce para o galego Silvia Pérez e que Kalandraka Editora publica na súa colección "Os contos do trasno" baixo o título *O polliño de Abeleira*, tradución do orixinal en castelán "El pollito de Avellaneda", con ese bo facer ao que dende o seus comezos no mundo da edición nos ten acostumbrados.

O texto sinxelo, rimado e repetitivo é a base da forma dun conto popular acumulativo que no contido encadea unha serie de materiais e personaxes necesarios para que a acción principal poida ser cumprida. A asociación de ideas que veñen a ser contiguas pola súa relación de necesidade,

Con probas de ledicia e amizade

MARÍA NAVARRO



produce unha sensación de causa-efecto no lector que fai xirar a roda da imaxinación na que é posible que a galiña, a cabra e o prado falen e con iso proporcionen o necesario para que o mundo literario no que están inseridos

funcione e ademais que de forma máis ca efectiva.

Trátase desde un punto de vista global dunha dobre simbiose; por unha banda, aportación á natureza do que precisa, por outra, axuda mutua entre seres vivos. E todo isto ben disposto lingüística e plasticamente, con ritmo e repetición dunha estrofa que apunta directamente á necesidade imperiosa de actuar e con mestura de texturas nas ilustracións que captan a atención dos primeiros lectores ou daqueles que escoitan.

Nai e fillo comen pracidamente baixo unha abeleira, mais quere o destino que o pequeno se atragoe cun froito e a nai deba saír correndo pedindo axuda á ama, que á súa vez solicitará a colaboración do zapateiro, da cabra, do prado e da nube, quen despois de cumprir as súas respectivas funcións e resolver o terrible problema plantexado pola galiña celebran o feliz desenlace entoando unha canción.

Toda unha proba de ledicia e amizade!

RUBIO, Antonio/PACHECO, Gabriel, *O polliño da abeleira*, Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2006, 26 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

O movemento libertario en Galiza (1936-1976)

Dionísio Pereira/Eliseo Fernández
Edicións A Nosa Terra. 337 páxinas

A victoria das candidaturas da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936 acentuou o xa insalvável abismo entre as forzas políticas da dereita e a esquerda. Por outra banda, a timidez dos primeiros gobernos da II República á hora das reformas, o insurreccionalismo socialista de outubro de 1934 e a salvaxe represión do Goberno da dereita contra do mo-

vemento asturiano non fixo senon afondar o conflito. O libro de Dionísio Pereira e Eliseo Fernández narra as vicisitudes do movemento libertario dende o estalido do conflito, a resistencia armada, a represión e o exilio. O volume, resultado de varios anos de investigación, complétase con anexos sobre o número de vítimas nas catro provincias galegas.



Vinte anos retornando

Xosé Neira Vilas
Edicións Xerais. 248 páxinas

O autor memorializa neste libro a experiencia das doce viaxes que realizou coa súa compañeira Anisia Miranda dente 1972 ata 1992, cando, despois de corenta e tres anos de emigración americana, deciden radicarse definitivamente en Galicia. Nesta memorias da súa condición de "emigrante retorna-

do" con billete de ida e volta, o escritor de Gres reconstrúe con prosa minuciosa tanto a peripecia vital daqueles días, os emocionantes reencontros con familiares e amigos, así como a súa documentada interpretación dos acontecementos políticos e culturais dun período coincidente coa chamada transición.



Martínez de Montaos

Fernando López/Clodio González
Editorial Torosoutos. 112 páxinas

A intención dos autores do presente volume foi rescatar do esquecemento a un experto nas finanzas, dono dunhas concepcións políticas e económicas que conforman a mellor expresión do liberalismo de signo progresista da primeira metade do século XIX. Román Martínez de Montaos participou cos

seus escritos, de forma decisiva, na loita ente a emerxente Facenda liberal e a agoniante Facenda absolutista, así como na dilatada secuencia de intentos e fracasos de reforma tributaria que se suceden no período 1808-1845 e que culminan coa implantación dos principios liberais da tributación.



Elexías de luz

María Victoria Moreno
Edicións Xerais. 104 páxinas

Libro póstumo revisado por Xavier Senín, o poemario *Elexías de luz* é unha faceta máis da rica personalidade de María Victoria Moreno, escritora de amplísima cultura literaria, que se sentía fascinada pola poesía e era

quen de transmitir esa paixón aos demais. A última parte, "Dous folios que foron brancos", é o poemario no que a autora estaba a traballar antes da súa morte, e por iso o editor o conservou tal como ela o deixou.



Xesús González Gómez é o responsable da tradución e presentación dun interesante traballo no que se recollen diversos textos que Antonio Gramsci escribira sobre Luigi Pirandello e que veñen de ser publicados nos *Cadernos de Teatro*. O volume, titulado *Sobre Pirandello*, consta de dúas partes; na primeira aparecen varias críticas de teatro escritas entre 1917 e 1920, que nos permiten ter una idea ben interesante a respecto da recepción da obra de Pirandello, e sempre desde a perspectiva singular dunha personalidade de tanto relevo como Gramsci. Unha traxectoria que González Gómez tamén glosa nas primeiras páxinas do caderno, onde reivindica unha faceta pouco coñecida do intelectual italiano: o Gramsci crítico teatral. Ao longo das trinta e cinco páxinas do caderno podemos constatar o interese que o teatro suscitaba no pensador italiano, e os diferentes proxectos que formulou para o seu estudo, a maioría abandonados por razóns diversas, entre elas pola persecución política de que foi obxecto e que remata cunha longa estada nos cárceres fascistas entre 1926 e 1937.

Na segunda parte o editor presenta unha escolla de escritos sobre Pirandello tirados dos *Quaderni del Carcere*, unha obra rica e sorprendente pola súa diversidade e fondura, e na que, como é ben sabido, Gramsci se ocupa de temas de considerable actualidade, desde a presentación dunha pedagogía do futuro ata a formación dos intelectuais, sen esquecer o estudo das estratexias de dominación e de hexemonía.

Estamos pois diante dun conxunto de textos que teñen a virtude de presentar cuestións sumamente importantes que aínda hoxe seguen sendo motivo de polémica, sobre todo porque se cruzan as visións da realidade de dúas persoas que, aínda defendendo unha necesaria ruptura estética e mesmo ideolóxica coas ideas dominantes no tempo en que viviron, parten de presupostos diferentes en tanto esas visións se asentán en dúas formas de entender a arte, a literatura e as súas funcións. Pirandello é un dos primeiros autores en concibir a ficción literaria desde un subxectivismo radical, que preludia o asalto ao concepto de verdade que se produce coa chegada dos relativismos. Esa lectura ponse de manifesto en *Así é*, se vos parece, ese divertimento magnífico e terrible, onde nada é o que parece se ben xamais saberemos que é o que é, se é que na fin podemos dicir que algo de verdade é o que aparenta ser. Con todo, Gramsci celebra a lectura crítica que facía Pirandello dunha sociedade apreixada na vella moral católica, como acontecía en *Liola*, un espectáculo que provocou unha irada protesta dos círculos católicos italianos.

Tamén cómpre destacar as referencias que Gramsci realizaba en torno aos traballos de Nikolai Evreinov, un dramaturgo, ensaísta e director de escena ruso, animador de experiencias vangardistas nos anos dez e vinte do século pasado, que ten realizado interesantes achegas a respecto de conceptos fundamentais na teoría teatral como teatralidade, expresión dramática ou expresión teatral. Comentarios que mostran un Gramsci orixinal e anovador, autor dunha obra que hoxe se reclama e actualiza desde diferentes disciplinas.

Estamos pois diante dun caderno sumamente suxestivo polas preguntas que Antonio Gramsci traslada ao lector e polos camiños que lle abre a quen procure respostas. Pero tamén debemos

subliñar que Xesús González Gómez nos ofrece, en todo momento, información complementaria nun variado conxunto de notas a rodapé que teñen a virtude de provocar novas preguntas e indicar vieiros complementarios na procura doutras respostas.

Do Valadouro chéganos un conxunto de textos breves asinados por Isaac Ferreira, tamén editados nos *Cadernos de Teatro* de Laiovento. Pequenas escenas que apenas serven para presentar unha idea, unha imaxe, unha situación. Entre elas cabería sinalar a titulada *A fonte do bidueiro*, onde asistimos á formulación dun drama posible, a do Príncipe Evorico, suposto herdeiro do trono suevo de Galicia

aló polo ano de 583. E falamos de formulación porque niso se quedan as propostas, aínda que estamos diante de escenas que poden ter moita utilidade en procesos de creación colectiva polas súas posibilidades de desenvolvemento.

Un diálogo entre Gramsci e Pirandello

MANUEL F. VIEITES

De Italia ao Valadouro



Casa durmida

Desde hai anos, Edicións Fervenza mantén unha colección de teatro escolar, "A Pinguela", na que recolle textos para ler e representar, dirixidos especialmente aos nenos que aman o teatro, pero recuperando, ao mesmo tempo, parte da nosa memoria literaria. Así, no seu catálogo, de máis de corenta títulos, atopamos textos asinados por Manuel García Barros, Manuel Daniel Varela Buxán, Antón Losada Diéguez ou Manuel Bergueiro, cabo de achegas de autores máis novos como Xosé Vázquez Pintor, Xesús Pisón ou X.Mª. Álvarez Cáccamo.

Neste ano dedicado á memoria —setenta aniversario da

barbarie de 1936— e cando

por fin as planas dos xornais

acollen notas necrolóxicas lembrando aos asasinados naquel verán, ben paga a pena a edición de textos como este que agora nos chega, que non teñen máis intención, ou eso entendemos nós, que mostrar un momento na vida daquelas persoas que padeceron os tempos da violencia. Falamos, entón, de *Casa durmida*, un

traballo xa coñecido de X.Mª. Álvarez Cáccamo, no cal recolle ecos dunha historia íntima que ven escoitando desde neno.

O texto constrúese a partir dunha mestura singular: con diálogos, emitidos en diferentes claves sobre un fondo realista, con voces que dan conta de feitos acontecidos noutros lugares, con poemas que o autor recolle doutras obras súas, con palabras recollidas do real e repetidas agora por fidelidade á memoria dos que as pronunciaron. Así, resulta una peza onírica, polifónica, na que abrolla a dor ata estourar en rabia. O texto ten como referente xeográfico unha casa á beira dun río; unha casa durmida, poboada por seres ensumidos na tristura, e un río que pasa e que vai recollendo as desgrazas de tantas casas anónimas das que fuxían as xentes ou das que levaban as xentes camiño da morte. Tamén podería ser Tui, 1936, e onde dicimos "Tui" poderíamos dicir o nome de centos de vilas, aldeas e cidades de Galicia enteira.